Co obxectivo de fomentar a constancia no traballo, cada profesor poderá controlar as tarefas realizadas polo alumnado sempre que o considere necesario, sen previo aviso, para avalialo. A cualificación destes controis formará parte da nota do traballo diario que será valorado segundo se especifica mais adiante.

Dado o carácter progresivo da materia, non se farán exames de recuperación senón que ao obter un resultado positivo na cualificación da seguinte avaliación, automaticamente queda recuperada a anterior. No que se refire á avaliación e cualificación da destreza ORAL, o profesorado decidirá, en función do número de alumnos e das características dos mesmos, se realiza unha proba específica oral ademais de valorar a participación diaria nas actividades orais levadas a cabo na aula.

Contemplamos os seguintes apartados e a súa valoración:

Actividades de lingua	Avaliacións parciais %
Comprensión oral	10 %
Expresión oral	15 %
Comprensión escrita	10 %
Expresión escrita	10 %
Uso da Lingua	
Gramática	25 %
Vocabulario	15%
Traballo Persoal	15 %

A cualificación FINAL obterase aplicando as seguintes porcentaxes á nota de cada avaliación parcial:

- 1ª avaliación parcial - 20% da cualificación.
- 2ª avaliación parcial - 30% da cualificación.

3ª avaliación parcial - 50% da cualificación.

Considerarase que o alumnado supera a materia cando acade unha cualificación igual ou superior a 5. Ao longo da terceira avaliación realizarase un seguimento cercano de aquel alumnado que presente dificultades para acadar os mínimos esixibles e, polo tanto, se atope en risco de non ser quen de superar a materia na avaliación final. O profesorado facilitaralle a este alumnado material e actividades de reforzo para mellorar as catro destrezas lingüísticas.

Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

Ao longo da terceira avaliación realizarase un seguimento cercano de aquel alumnado que presente dificultades para acadar os mínimos esixibles e, polo tanto, se atope en risco de non ser quen de superar a materia na avaliación final. O profesorado facilitaralle a este alumnado material e actividades de reforzo para mellorar as catro destrezas lingüísticas antes das probas de avaliación final.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao alumnado coa materia de inglés pendente de cursos anteriores se lles aplicará o criterio de materia progresiva de tal xeito que aquel alumno/a que entregue todos os traballos de reforzo e acade a cualificación de 3 puntos, ou superior, sobre dez na 1ª e 2ª avaliacións parciais do curso actual, se lle considerará aprobada a materia do curso anterior. Os alumnos/as terán que realizar os traballos de reforzo facilitados polo profesorado que deberán ser entregados nas datas seguintes no presente curso académico: 26 de outubro (unidade 0), 17 de novembro (unidade 1), 15 de decembro (unidade 2), 19 de xaneiro (unidade 3), 16 de febreiro (unidade 4) e 15 de marzo (unidade 5).

No caso de que haxa alumnado que non supere a materia deste xeito, deberá realizar unha proba global nas últimas semanas do curso baseada nos mínimos esixibles establecidos na programación didáctica anual, sendo preciso obter polo menos un 5 para considerar superada a materia.

6. Medidas de atención á diversidade

A normativa vixente indica que as Administracións educativas teñen que asegurar os recursos necesarios para aqueles alumnos e alumnas que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais ou por dificultades específicas de aprendizaxe ou polas súas altas capacidades intelectuais. Os centros contarán coa debida organización escolar, incluída a flexibilización das etapas educativas, e realizarán as adaptacións precisas para facilitar a todo o alumnado a consecución dos fins establecidos.

A Educación Secundaria Obrigatoria, como etapa comprensiva e integradora, debe atender a todas as capacidades da persoa e prestar atención, dende unha perspectiva global de Centro, á diversidade de capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses do alumnado.

O alumnado con necesidades educativas especiais é unha parte da diversidade que escolarizamos no ensino básico obrigatorio. Atender esta diversidade é un compromiso de toda a comunidade educativa. Supón, ademais de atender as diferenzas individuais, aplicar secuencialmente tódalas medidas organizativas e curriculares precisas para cubrir as súas necesidades educativas, porque necesidades educativas pódese ter calquera alumno/a de xeito puntual ou temporal e, en todos os casos, é o currículo o instrumento posibilitador da resposta á diversidade dentro dun enfoque cultural-integrador.

A atención á diversidade tamén implica que o profesorado desenvolvamos estratexias que nos permitan a posibilidade de ter diferentes niveis de actuación cos nosos alumnos e alumnas no día a día polo que é preciso resaltar que as seguintes situacións requiren a nosa adecuación á realidade de cada grupo:

- Atención á diversidade de coñecementos previos.

Antes de abordar os contidos específicos de cada tema, debemos realizar algunhas actividades de avaliación inicial que nos permitan detectar cal é o nivel de partida dos alumnos. Isto permitiranos afianzar conceptos anteriores que pensamos están sabidos e que poden supor un obstáculo na construción de novos coñecementos.

- Atención á diversidade de aptitudes e ritmos de aprendizaxe.

As actividades que propomos na aula deben ir en orde crecente de dificultade para ir salvando os distintos niveis de aprendizaxe do alumnado. Tamén debemos ter planificadas actividades de reforzo para o alumnado que ten máis dificultade en asimilar conceptos novos e actividades de ampliación para o alumnado máis avantaxado e que poden profundar ou alcanzar un nivel de complexidade superior.

- Atención á diversidade de gustos e intereses.

Este aspecto é importante se queremos incidir na motivación dos nosos alumnos. Facer referencia a contextos diversos vai facilitar a implicación do alumnado. Ao mesmo tempo que debemos atender aos distintos estilos de aprendizaxe que presentan, programando distintos tipos de actividades: manipulativas, conceptuais, de resolución directa, ou actividades abertas que poidan realizarse a través de varios camiños alternativos.

No I.E.S. Monte Carrasco dáse resposta a estas necesidades educativas especiais dende o Departamento de Orientación. No que respecta ó Departamento de Inglés traballamos con tres solucións: reforzo educativo, plans de traballo individualizados e adaptacións curriculares.

Neste nivel educativo temos un alumno TEA que participa na sección bilingüe, e varios outros con TDAH en distintos graos. No caso de se diagnosticaren máis casos que requiran algunha medida de atención á diversidade na avaliación inicial, serán atendidos no seu momento.

Ademais destas medidas para alumnado con dificultades ou altas capacidades, este departamento coordinará e colaborará no desenvolvemento do Plan de Seccións Bilingües no que tamén están implicado o departamento de Bioloxía. Durante o presente curso contaremos con un grupo de terceiro coa materia de Bioloxía e Xeoloxía en lingua estranxeira inglés.

Os desdobres son grupos reducidos que facilitan unha atención máis individualizada e unha adaptación das clases ao ritmo de aprendizaxe do alumnado, posibilitando e potenciando a práctica real da expresión oral da primeira lingua estranxeira. Durante este curso desdobraranse os grupos de terceiro para facilitar o desenvolvemento do Plan de Seccións Bilingües e reforzar ao alumnado con maiores dificultades lingüísticas.

A continuación describimos o tipo de necesidades, en xeral, que presenta o noso alumnado e as pautas xerais para a nosa resposta educativa

1) ESPECIAIS

a) Trastornos xeralizados do desenvolvemento (TEA) Síndrome Asperger

Alumnos/as na ESO

O Síndrome de Asperger é o trastorno que presenta un prognóstico máis favorable. Parece afectar en maior proporción aos varóns e acostuma a ser diagnosticado máis tarde ca o autismo, a partir dos catro anos. Non presenta unha alteración clinicamente significativa da linguaxe pero si torpeza na comunicación non verbal. Os afectados son deficitarios na área de habilidades sociais e na motricidade grossa e fina. Afectados son un patrón de intereses restritivos e, polo xeral, non evidencian un déficit cognitivo. A medida que medran son capaces de recoñecerse diferentes aos demais, pero carecen de habilidades para facer amigos e por esta razón poden sufrir estados de depresión.

As necesidades educativas do alumnado afectado por un Trastorno Xeneralizado do Desenvolvemento están referidas fundamentalmente aos tres ámbitos nos que atopan maiores dificultades:

- Interacción social
- Comunicación-linguaxe
- Flexibilidade mental

Procedementos de ensinanza

A maioría dos autores e autoras defenden que os procedementos de ensinanza deben cumprir certas condicións e reunir unha serie de características:

- Deben ser estruturados: o contexto máis efectivo será aquel cun grao importante de estruturación, tanto maior canto menor sexa a idade ou o nivel de desenvolvemento, e encamiñado a unha desestruturación programada, de acordo co nivel de desenvolvemento máis próximo aos contornos naturais.
- Non chega co ensino da habilidade, senón que tamén teremos que ensinar o seu uso, un uso axeitado, funcional, espontáneo e xeneralizado.
- Deben ser evolutivos e adaptados ás características persoais do alumnado.
- Deben acentuar a intervención na comunicación, centrarse en crear e potenciar habilidades adaptadas e alternativas, máis ca en eliminar condutas non desexables.
- Deben basearse nunha aprendizaxe sen erro (por contraposición á aprendizaxe por ensaio e erro) na que, en base ás axudas outorgadas, o alumnado finalice con éxito as tarefas que se lle presentan. Pouco a pouco irán desaparecendo as axudas, de maneira progresiva, ata os niveis máis elevados posibles, que estarán en relación co desenvolvemento cognitivo.

Aspectos metodolóxicos:

- Introducir claves visuais que axuden a estruturar o tempo e o espazo. Trátase de axudar o alumnado a organizar a información que recibe para poder poñer algunha orde no seu mundo caótico. Canto máis comprensible lle resulte o contorno, menor probabilidade haberá de que aparezan condutas problemáticas.
- Estructurar as tarefas en sucesivos pasos, proporcionando as axudas previas, moldeamento físico, encadeamento cara atrás ou verbalización na procura da aprendizaxe sen erro.
- Ter en conta os intereses e preferencias da persoa, propoñéndolle actividades atractivas, que poden servir de reforzo para outras que consideremos relevantes.
- Proporcionarlle unha atención individualizada cálida por parte do profesorado, que compartirá unhas estratexias claras e comúns.
- Darlle tempo abondo para que poida emitir a resposta.
- Axudar a que perciba as consecuencias dos seus actos, proporcionándolle criterios de éxito sempre e cando sexa posible; así favoreceremos a súa autonomía.

b) Discapacidade Intelectual

Alumnos/as na ESO

A finalidade da educación das persoas con discapacidade intelectual é a mesma que para o resto do alumnado: acadar o desenvolvemento integral das súas capacidades, potenciando ao máximo todas as súas posibilidades.

<http://www.edu.xunta.es/portal/node/3644>

2) Necesidades Específicas de Apoio Educativo

a) TDAH:

No centro temos alumnos/as na ESO con esta problemática.

O alumnado con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH) forma parte da diversidade de toda aula e está considerado nese gran grupo de alumnado que a normativa básica identifica como alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ANEAE).

O trastorno por déficit de atención e hiperactividade é un patrón persistente de conduta de desatención, hiperactividade e impulsividade que comeza a manifestarse ao longo da infancia e que inflúe negativamente no funcionamento e no desenvolvemento das nenas, dos nenos e das persoas adolescentes afectadas, manifestándose na familia, na escola, nas relacións interpersoais, nas actividades de lecer, en forma de dificultades para agardar, para concentrarse nunha tarefa, para controlar as accións e emocións e tamén para planificar e solucionar problemas.

No ámbito escolar, o profesorado podemos observar a existencia das seguintes manifestacións:

- Cústalle comezar o traballo. Non comeza por si só ou soa.
- Aмосa desorde e desorganización e non completa os traballos.
- Usa o mínimo esforzo nos seus traballos e tarefas.
- Ten aparencia de ser unha persoa preguiceira, mesmo pouco motivada.
- Parece non escoitar cando se lle fala. Segue con dificultade unha conversa.
- Presenta os traballos sucios, rachados ou deteriorados.
- Esquece entregar os traballos, aínda que os teña feitos.
- Presta moita máis atención nas áreas ou materias que lle gustan.
- Ten dificultade para atender e seguir as normas dun xogo.
- Cambia constantemente de postura na súa cadeira, nas rodas de xogo, etc.
- Morde, chupa e xoga co material (lapis, goma, bolígrafo).
- Move constantemente as pernas, os brazos e os dedos, sen erguerse do asento.
- Cáenlle as cousas ao chan con excesiva frecuencia, rompe materiais, etc.
- É das persoas que adoita ter pequenos accidentes no recreo e nos xogos.
- Contesta sen pensar.
- Non ve o perigo en ningures.
- Non controla a expresión dos seus sentimentos.
- Os castigos producen pouco efecto no seu comportamento e as recompensas a longo prazo tampouco funcionan.
- O tempo é o seu inimigo e non inicia as tarefas ata o último momento.
- Ten dificultade para controlar o seu comportamento.
- Cústalle poñerse no lugar da outra persoa.

- Desmoralízase enseguida.
- Frecuentemente parece unha persoa testana.
- Carece de empatía, o que orixina moitos rexeitamentos.
- Ten moi baixa autoestima, inseguridade e dependencia das persoas adultas.
- Ten dificultades para dicir o que quere dicir, explícase mal.
- Cando ten que explicar algo non atopa as palabras e ten dificultades para explicar as súas ideas de maneira rápida e precisa.
- Esquécese de darlles a volta ás follas dos exames.
- Cando unha pregunta ten varias partes, contesta a primeira e esquece as seguintes.

A continuación figuran unhas pautas e estratexias para beneficiar tanto o alumnado con TDAH coma o resto do grupo. Tipo de aula. O alumnado con TDAH debe estar nunha aula con bo clima de traballo e, a ser posible, na que non coincida con alumnado con problemáticas semellantes.

Perfil do profesorado. Funciona ben o profesorado que harmoniza as normas claras e coherentes coa empatía e co reforzo positivo. Os estilos permisivo ou autoritario son negativos nestes casos.

Localización da alumna ou do alumno na aula. Considérase que o alumnado con TDAH debe estar sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda. Debe evitarse a proximidade a portas, fiestras, papeleiras e lugares de maior tránsito, así como a estímulos sonoros ou visuais. Cando se realicen traballos en grupo hai que ser coidadosos coa localización do grupo (próximo ao profesorado) e coa elección das compañeiras e dos compañeiros.

En actividades individuais, este alumnado deberá ocupar unha mesa separada, orientada cara a mesa do profesorado.

Mesa da alumna ou do alumno. Enriba da mesa só estarán os materiais que necesite para realizar a tarefa, e, ao remate, deberá recollelos e gardalos, e hase de evitar que acabe xogando con eles e convertendo a mesa nun pequeno taller.

Normas de convivencia consensuadas na aula. Negociarase co alumnado unhas cantas normas de funcionamento (non moitas) e as consecuencias do seu cumprimento e incumprimento. Estas normas debe escribilas o propio alumnado, han de estar visibles na aula, e deben ser repasadas, con frecuencia, polo conxunto da clase. O profesorado evitará os enfrontamentos verbais e retadores cando se esixe o cumprimento das normas. Aconséllase firmeza, sen implicarse emocionalmente, e non culpar diante das compañeiras e dos compañeiros (o alumnado con TDAH non actúa así porque quere, senón porque non pode evitar ese comportamento).

Manter un ambiente estruturado, motivador e con rutinas predicibles axudarlle ao alumnado a sentirse seguro e a saber o que ten que facer en cada momento.

Adaptar o currículo. Adaptar o currículo ás capacidades, ao estilo de aprendizaxe e ás necesidades do alumnado é sempre a primeira e a mellor resposta para solucionar os problemas de aprendizaxe e de conduta.

No tratamento educativo con alumnado con TDAH dá resultado:

- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Antes de empezar unha actividade, hai que explicala de xeito claro e sinxelo, e asegurarse de que a entendeu todo o alumnado.
- Utilizar estratexias para captar a atención inicial como cambios de entoación, xesticulación e dramatización.
- Segmentar as actividades longas e limitar o número destas (mellor facer tres correctas ca cinco incorrectas).
- Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
- Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
- Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.
- Variar os exercicios, para que non se aburra.
- Conseguir a colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira *¿responsable¿*, para que lle axude a comprender e a realizar as tarefas.
- Utilizar reforzos positivos para motivar (eloxios privados e públicos, colocar os seus traballos no taboleiro da clase, levar os traballos á casa cunha felicitación, utilizar un sistema de puntos ou economía de fichas, etc.).

En canto á tarefas e deberes. É necesario:

- Reducir e fragmentar as actividades.
- Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer.
- Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
- Non sobrecargar de tarefas para a casa, e seleccionar ben aquelas que se consideren máis importantes.

Á hora de explicar, o profesorado debe ter en conta as seguintes estratexias:

- Antes de empezar, ha de asegurarse de que atende.

- Utilizar frases curtas e claras.
- Manter o contacto visual e permanecer cerca.
- Focalizar a atención nos conceptos clave.
- Utilizar estímulos visuais e modificar o ritmo da exposición, coas debidas pausas.
- Presentar a idea principal explicitamente ao principio da explicación.
- Utilizar estratexias de categorización e imaxes mentais de conceptos.
- Implicala ou implicalo, promovendo a súa participación con preguntas sinxelas.
- Proporcionarlle un sistema de tutoría dun compañeiro ou dunha compañeira que lle axude a revisar os puntos fundamentais da explicación, e promover que o alumnado con TDAH explique os conceptos a estudantes con máis dificultades ca el.

Por outra parte, o profesorado debe asegurarse de que o alumnado o mira aos ollos, que entende o exposto e, de ser o caso, que copiou o sinalado. Con esta finalidade formularánselle algunhas preguntas, para que as poida responder correctamente.

Exames ou probas escritas. Para mellorar o éxito das probas escritas é necesario:

- Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.
 - Que os exames escritos sexan curtos e con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario sinxelo.
- Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos.
- Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).
- Pactar a fórmula máis idónea para realizar os exames (oral ou utilizando o ordenador), debido ás dificultades de escritura dalgún alumnado con TDAH.
- Deixar máis tempo para os exames ou probas escritas, incluso dividilas en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.
- Presentar escrito o texto dos exames, salientando as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa.
- Deixar suficiente espazo entre as preguntas, e supervisar a súa comprensión e execución.
- Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.

Estratexias para controlar e mellorar a conduta. Como o obxectivo é aumentar os comportamentos axeitados e diminuír os comportamentos inadecuados, hai que amosar unha actitude tolerante, flexible e paciente, e o profesorado debe actuar como un modelo de conduta reflexiva para o alumnado. Pódense utilizar como criterios xerais de manexo da conduta os seguintes:

- O reforzo positivo de condutas adecuadas ou aproximacións.
- Evitar as recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público.
- Ignorar os comportamentos de chamadas de atención que non son moi molestos.
- Permitir momentos de descanso, como levantarse, borrar o encerado, repartir cadernos.
- Establecer consignas non verbais co alumnado para advertilo do incumprimento dalgúha norma.
- Anticiparse e prever situacións que poidan presentar problemas.

b) Altas Capacidades

Alumnos/as na ESO

Enténdese que unha persoa ten sobredotación cando nela se dan as seguintes características: unha capacidade intelectual moi superior á esperada para a súa idade, unha alta creatividade e un alto grao de motivación e perseveranza.

Indicadores da capacidade Intelectual xeral

- Adquieren aprendizaxes temperás e sen axuda.
- Teñen unha gran facilidade para adquirir novas aprendizaxes.
- Son rápidos na comprensión de información e conceptos novos.
- Establecen facilmente conexións entre conceptos diferentes.
- Posúen un elevado nivel de indagación.
- Elaboran conceptos verbais con facilidade.
- Utilizan con axilidade novos coñecementos na resolución de problemas teóricos e prácticos.
- Formulan principios e establecen xeneralizacións por transferencia de aprendizaxes.
- Destacan na habilidade para argumentar, preguntar e razoar.
- Denotan unha enorme curiosidade intelectual.
- Manifestan interese e gran preocupación polos problemas do mundo.
- Con frecuencia manifestan capacidade de liderado e unha alta sensibilidade social.

Indicadores da capacidade intelectual específica

- Logros importantes en determinadas áreas.
- Vocabulario amplo e rico, cunha excelente capacidade para utilizalo con propiedade.
- Gusto pola lectura.
- Memoria, retención fácil e evocación rápida e precisa.
- Profundidade no coñecemento de temas do seu interese.
- Manifestacións do talento matemático: gusto polos números; rapidez na comprensión e solución de problemas; solucións simples, directas, abreviadas, elegantes; precisión e axilidade no razoamento matemático; uso de criterios sofisticados para clasificar, seriar e agrupar.
- Manifestacións específicas de talento musical.
- Rendemento excepcional nalgunha rama deportiva.

Indicadores da capacidade creativa

- Orixinalidade.
- Imaxinación e fantasía na utilización de recursos.
- Invención e construción de aparatos con materiais sinxelos.
- Creación de ideas e procesos novos.
- Solución creativa a problemas mediante a utilización de recursos e materiais comúns.
- Composición e adaptación de xogos, de música, etc.
- Especial sentido do humor, ás veces desconcertante.
- Tendencia natural a explorar ideas, con formulacións pouco correntes.
- Independencia de pensamento.
- Capacidade de iniciativa.
- Facilitade para aplicar coñecementos dunha materia ou situación a outra.
- Manifestación de opinións contrarias ás habituais.

Indicadores da capacidade de automotivación e perseveranza

- Capacidade de aprendizaxe autodirixida.
- Concentración nas tarefas, perseveranza e motivación en relación a áreas do seu interese.
- Escasa fatiga, sempre que a tarefa non sexa repetitiva ou rutineira.
- Tendencia a traballar de xeito independente. Aínda que a súa autonomía os leva a ser creativos, hai que estimulalos para que aprendan a traballar en equipo e compartan os seus coñecementos.
- Motívanse especialmente cando as tarefas son complicadas e diferentes.
- Proban cousas novas, gustan dos cambios e aceptan os desafíos que supoñen as novidades.
- Teñen grandes expectativas tanto con respecto a si mesmos como con respecto aos demais, o que fai que teñan metas elevadas. A parte negativa é que poden sentirse apremados e ansiosos debido ás esixencias do contorno (familiares, escolares, sociais).

Necesidades educativas que presentan: pódese afirmar que, en xeral:

- Precisan dunha ensinanza adaptada, cun enfoque multidisciplinar nun contexto educativo enriquecido e dinámico, estimulante para o seu desenvolvemento.
- Requiren do acceso a recursos e materiais adicionais, que deben ser planificados especificamente.
- Cómprelle flexibilidade no seu horario e nas súas actividades, polo que é conveniente que, cando sexa posible, deixemos que continúe co traballo ata que estea seguro e satisfeito coa tarefa realizada.
- Precisan participar moi activamente no proceso de ensinanza e aprendizaxe e ter a oportunidade de poder poñer en práctica as súas habilidades.
- Élles imprescindible un contorno no que se valoren as ideas creativas e orixinais, máis cá repetición dos contidos.
- Cómprelle un clima social no que se sinta aceptado, e precisa de orientación no manexo das relacións interpersoais e sociais.

Así pois, a sobredotación precisa, por un lado, una resposta diferenciada e diversificada, con estratexias de ensinanza e aprendizaxe consontes cos recursos intelectuais que manexan as persoas que a manifestan. As estratexias empregadas con maior frecuencia son as seguintes:

Medidas de enriquecemento

Estas medidas baséanse na individualización da ensinanza e consisten en deseñar programas axustados ás características de cada alumno ou alumna, ao tempo que estes se manteñen co seu grupo clase. Teñen a vantaxe evidente de non producir consecuencias negativas na súa socialización.

En ocasións, o enriquecemento tense entendido como a elaboración de programas paralelos aos ordinarios, que se aplicaban de xeito simultáneo a eles e que non tiñan conexión coas actividades que realizaba o resto da clase. A día de hoxe recoméndase optar por axustes no programa ordinario, é dicir, por adaptacións do currículo que se

acomoden ás súas necesidades concretas de aprendizaxe e desenvolvemento e que serán tanto máis significativas canto maiores sexan esas necesidades educativas.

Existen diversas tipos de medidas de resposta educativa que implican a posta en práctica de axustes curriculares e organizativos:

Programas de enriquecemento horizontal

Van dirixidos fundamentalmente ao eido procedemental e non supoñen modificacións dos obxectivos, contidos ou criterios de avaliación. Van enfocados a un afondamento en obxectivos e contidos propios dun curso ou ciclo e abranguen aspectos como: a mellora cognitiva; o desenvolvemento da creatividade; o desenvolvemento metacognitivo; a ampliación e afondamento da información e a optimización de hábitos e de estratexias de resolución aplicadas ás distintas áreas de traballo.

Trátase, xa que logo, de ir introducindo na programación da aula una serie de técnicas metodolóxicas e actividades que complementen a oferta educativa ordinaria. Así terán importancia as estratexias de busca de información; as estratexias autoorganizativas: establecemento de prioridades, organización dos recursos; estratexias inventivas e creativas; estratexias analíticas; estratexias para a toma de decisións. Programas de enriquecemento vertical ou adaptacións curriculares de ampliación. Implica unha ampliación dos obxectivos, contidos ou criterios de avaliación. Poden ampliarse e introducirse outros correspondentes a cursos ou niveis posteriores. Esta medida, porén, non supón un cambio de curso do alumnado, senón que se levará a cabo dentro do grupo ordinario que lle corresponde por idade.

Medidas de aceleración

Supoñen unha flexibilización do período de escolarización. Esta medida excepcional baséase fundamentalmente na competencia curricular e poderase adoptar cando se considere que os obxectivos acadados pola alumna ou alumno superan os establecidos, pero tendo en conta tamén se é unha medida axeitada con respecto ás restantes facetas do seu desenvolvemento persoal.

c) Dislexia

Alumno/a na ESO

Orientacións e respostas educativas: Alumnado con trastornos da aprendizaxe: <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/3656>

d) Incorporación tardía

Alumnos/as na ESO

Alumnado de incorporación tardía (procedente do estranxeiro): <http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/146>

As medidas que se aplican no departamento son:

- Desdobres na ESO
- RE na aula co propio profesor/a. Adaptacións curriculares, se procede.
- Plan individualizado de seguimento de pendentes.

e) Necesidades específicas de aprendizaxe

Alumnos/as na ESO

As medidas que se aplican no departamento son:

- Desdobres en 1º ESO e 2º ESO
- RE na aula co propio profesor/a. Adaptacións curriculares, se procede.
- Plan individualizado de seguimento de pendentes.

3) Desvantaxe Socio-educativa

a) Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar

Alumnos/as na ESO

<http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/145/410>

Instituto Galego para a Xestión do Terceiro Sector Igaxes3 <http://www.igaxes.org/?lang=es>

b) Etnia xitana: Alumnos/as na ESO Programas e plans:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/141/412>

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/3791>

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.		X				X	
ET.4 - A competencia dixital.		X				X	
ET.5 - Emprendemento social e empresarial			X	X			
ET.6 - Fomento de espírito crítico e científico		X			X		
ET.7 - Educación emocional e en valores	X				X		
ET.8 - Igualdade de xénero					X		X
ET.9 - Creatividade			X			X	
ET.10 - Educación de calidade		X	X	X	X	X	X
ET.11 - Saúde e benestar			X	X	X		
ET.12 - Industria, innovación e infraestrutura					X		
ET.13 - Producción e consumo responsables							X
ET.14 - Vida de ecosistemas terrestres				X			
ET.15 - Vida submarina				X			
ET.16 - Acción polo clima				X			

Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1º Trimestre: Sesión de teatro ou cinema en inglés	O alumnado terá a oportunidade de gozar dunha obra artística na lingua inglesa, para posteriormente realizar unha posta en común das impresións suscitadas			
2º Trimestre: Escape room	Unha actividade novidosa e atractiva para fomentar o interese pola lingua inglesa coa participación activa do alumnado interactuando cos monitores nativos.			
Intercambio epistolar con alumnado doutros centros de países de fala inglesa.	Este curso, concretamente, colaboraremos cun centro de ensino do estado de Oregón, nos Estados Unidos, Gaston High School, e co centro británico co que vimos desenvolvendo esta actividade dende o principio, Ursuline High School de Wimbledon (Londres).			

Observacións:

Consideramos que este tipo de actividades son un medio complementario para a educación do alumnado, non só a nivel de adquisición de coñecementos académicos senón tamén como formación integral dos mesmos ó poñerse en xogo valores actitudinais, de comportamento e saber estar en distintos contextos que non se poderían experimentar no propio centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Fomento a animación á lectura e estratexias de comprensión escrita.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.

Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

Sempre / Ás veces / Nunca.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Esta programación didáctica estará suxeita a un proceso permanente de revisión e avaliación tendo en conta no desenvolvemento do curso a súa eficacia para conseguir os obxectivos propostos. As observacións que realice o profesorado do departamento, xunto coas achegas do alumnado e outros membros da comunidade educativa serán a base dunha revisión xeral ao finalizar o curso.

Dado que a programación didáctica debe ser aprobada a comezo do curso, as súas modificacións por escrito realizaranse anualmente antes do comezo das actividades lectivas. Con todo, o seguimento da programación será levado a cabo unha vez ao mes nunha reunión do departamento. Se durante o curso hai circunstancias que aconsellen modificacións puntuais desta programación didáctica, o departamento realizaraas informando adecuadamente ao alumnado.

Tamén avaliaremos o proceso de ensino e a nosa práctica docente ao longo do curso ao igual que o ano anterior.

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións mensuais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos items programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliación analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados